



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 29 DE XANEIRO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:40 horas do día 29 de xaneiro de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 28-02-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeiro

Vocais:

D. Pablo Olmos Pita.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
Dna. Susana García Alvarez.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

1.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) **Procedemento negociado con publicidade para a contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo. (expediente 6603-12).**

Vista a dilixencia do director de Réxime Interior do Zoo de 21 – 01-2016 e demais actuacións practicadas no expediente ata este momento, a mesa, por unanimidade, acorda iniciar un proceso de negociación cos licitadores presentados, dándolle traslado do informe do director de Réxime Interior do Zoo de 18-12-2015 e solicitando que a vista do mesmo reformulen a súas propostas.

b) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais. (expediente 9408-111).**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:53	Páxina 1 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A342-E1EC5A-CCDC22-6BVYSQ-TA61HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A mesa, por unanimidade, acepta o informe de valoración de criterios valorables mediante xuízo de valor das ofertas presentadas asinado o 21-01-2015 polo Letrado adxunto ao xefe do servizo de Conteneioso e o Letrado xefe do servizo de Contencioso.

A vista de dito informe acórdase por unanimidade excluir Juan Lage Fernández-Cervera pois adiante neste sobre B a porcentaxe de rebaixa na minuta que ofrece, cuestión que claramente supón desvelar o contido da súa proposición económica sendo esta unha causa de exclusión da oferta.

c) Procedemento aberto para a contratación da subministración de enerxía térmica útil e o mantemento das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal de Deportes.

A mesa, por unanimidade, acepta o informe de valoración de criterios valorables mediante xuízo de valor das ofertas presentadas asinado o 18-01-2015 polo Director Deportivo, xefe da unidade Técnica.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 09:50 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 18:53	Páxina 2 de 2
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A342-E1EC5A-CCDC22-6BVYSQ-TA61HV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		